

O que sei do silencio

 XERAIS

 FÓRA DE XOGO

O que sei do silencio

Andrea Maceiras



Título: O que sei do silencio
Autor: Andrea Maceiras
Editorial: Xerais
Colección: Fóra de xogo
Nº páxinas: 224
ISBN: 978-84-9121-402-1

A autora

Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) é licenciada en Filoloxía Galega e Hispánica. No eido do relato curto obtivo en varias ocasións o primeiro premio do Certame Literario do Concello de Cambre nas modalidades de narrativa e poesía, así como o segundo premio do X Certame Literario de Relatos Curtos ‘Os Viaductos’ do Concello de Redondela polo seu relato *Cando foi a última vez que pasou fame de verdade?* A súa primeira novela xuvenil, *Proxecto Bolboreta*, é publicada na colección Fóra de Xogo en Xerais no ano 2007 como obra gañadora do I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. No 2010 queda finalista do VI Premio de Novela Biblos-Pazos de Galicia. Nese mesmo ano gaña o 4º Premio Meiga Moira coa súa obra *Violeta Tamurana* (2010), que tamén queda finalista do Premio da Edición 2010 e do Premio Frei Martín Sarmiento 2011. Con *Nubes de evolución* (Xerais, 2013) quedou finalista do Premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011 e gañadora do Premio Fervenzas Literarias, 2014. Con *Volverás, golfiño* (Xerais, 2014) quedou finalista do Premio Merlín, 2013. En 2015 gañou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil con *Europa Express* (Xerais, 2015). En 2017 foi finalista do Premio Raíña Lupa con *O que sei do silencio* (Xerais 2018).



Resumo argumental

Delia comeza a escribir un blog para resarcirse do seu silencio no pasado recente. Nel vai contando a historia de Silke, unha moza de pais separados, que chegou nova ao instituto, procedente de Suecia.

Silke era guapa e intelixente. Ao comezo todo o mundo a acollerá cos brazos abertos, pero rápido xurdirán envexas. Un grupo de rapazas, Xulia, Lara, Daniela, comezan a acosar a Silke debido aos celos de Xulia, quen vía na nova compañeira unha rival na súa relación con Iago, irmán de Delia.

Delia é unha rapaza solitaria, asidua dun club de lectura, que comeza a saír coas rapazas acosadoras para sentirse integrada. Viu naquel grupo o xeito de realizarse e ser máis popular no centro. Pero isto terá un prezo: permanecer en silencio cando o acoso a Silke vai crescendo en intensidade e chega ao límite de que a rapaza sueca estea ao bordo da morte.

Nas entradas do blog, Delia vai contando paso a paso todo o sucedido, desde as primeiras humillacións a Silke ata que as tres mozas conseguen poñer a todo o instituto en contra da acabada de chegar. No libro, tamén se transcriben comentarios doutros alumnos feitos no

blog de Delia, entre eles, os de Marcos ou Eloisa, os únicos que, canda Iago, quen acabaría sendo mozo de Silke, volverían por ela. Así mesmo, a autora introduce pasaxes dun libro de contos de fadas cuxa escritora fora tamén vítima de acoso infantil.

Tras unha investigación da dirección do centro, posterior á confesión de Delia e Daniela do sucedido con Silke, chega o tempo das consecuencias para os responsables. Algúns alumnos e alumnas serán expulsados, outros, como Delia, cargarán coa culpa do seu silencio, mentres que Silke, despois do trauma, regresa a Suecia onde permanecerá sen dar sinais de vida ata que un día escribe un comentario no blog agradecendo a sinceridade de Delia, pero afirmando, tamén, o seu dereito a non querer ter relación de novo con ninguén daquel instituto.

Temas e valores

O acoso escolar

É o tema central da novela. En concreto trata o tema do acoso pasivo.

A presión social

Delia é vítima da presión social ata o punto de que, para ser aceptada polas súas amigas, decide non intervir na inxustiza flagrante que estaban comentando con Silke.

O valor da confesión

A decisión de Delia de escribir o blog para contar a verdade é un exercicio de valentía e, tamén, unha ferramenta para a superación dun evento traumático.

Actividades

Antes da lectura

- Observando a portada, de que pensan que trata o libro?
- Cal foi o último libro que leron que lles gustou? Por que?

Despois da lectura

- Debater na clase sobre o acoso escolar. Coñecen algún caso semellante ao de Silke? Sentiron algunha vez a presión social de Delia?
- Falar sobre o fenómeno blog. Manteñen algún blog? Sobre que lles gustaría escribir nun blog?

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Bosquexa co teu propio estilo unha portada alternativa para o libro.



2. Escribe o nome dos principais personaxes do libro e, nun par de liñas, algo significativo sobre cada un deles.

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Exhalar (páx. 12)

Analxésico (páx. 18)

Insinuar (páx. 20)

Axexar (páx. 23)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Enfastiada (páx. 24)

Desacougo (páx. 25)

Amolar (páx. 27)

Homoxénea (páx. 29)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Devecer (páx. 36)

Testemuña (páx. 45)

Feble (páx. 47)

Anoxar (páx. 58)

Inmiscir (páx. 69)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Comenta este texto da páxina 42-43:

Todos afirmamos desexar a liberdade, pero non é verdade: a liberdade é complicada, doe, xera conflitos. É moito máis doado seguir normas, permitir que os demais nos digan o que temos que facer.

2. Por que acaban pelexando Iago e Marcos no baile de disfraces?

3. Delia é asidua a un club de lectura. Coñeces o que é? Escribe aquí como funciona un club de lectura e que che parece a idea.

4. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

Retallo (páx. 70)

Arisco (páx. 78)

Preludio (páx. 87)

Chifre (páx. 90)

Congregar (páx. 91)

5. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

6. De que cidade de Suecia procede Silke?

7. Por que Silke non di nada a ninguén do que lle está a suceder?

Ficha d3 (despois da lectura)

1. Que significa o pseudónimo *Leaena Hiems*, de Lauren Ivy, a autora do libro *De cando fun serea*, cuxos relatos intercala Delia na súa confesión?

2. Lara é a única das rapazas acosadoras que permanecerá no instituto. Que pensaban os seus pais de todo o acontecido? Que opinas da posición dos pais de Lara?

[illegible]

3. No libro suxírese que o sucedido con Silke foi aínda máis grave por tratarse dunha rapaza. Os insultos de carácter sexual, as referencias á súa posible promiscuidade, os conflitos co fútbol... Crees que estes episodios de acoso se dan dun xeito máis acusado cando o obxectivo é unha rapaza e non un rapaz? Reflexiona a túa resposta.

[illegible]



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

